



ANUNCIO

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-0583, con data de 04/03/2020, pola que resolveu suspender o acto de constitución do tribunal cualificador e a proba práctica da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local do Concello de Redondela, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-0103, con data de 21/01/2020, pola que aprobou as bases que rexerán a lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local.

As bases reguladoras do proceso selectivo que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da policía local do Concello de Redondela, mediante o sistema de concurso-oposición, publicáronse integramente na sede electrónica, na páxina web (www.redondela.gal-apartado de emprego público. persoal funcionario) e no taboleiro de anuncios do Concello.

O extracto da convocatoria publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm.: 16, do 24/01/2020.

O prazo de presentación de instancias de 5 días hábiles iniciouse o día 27/01/2020 e rematou o día 31/01/2020.

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-0290, con data de 06/02/2020, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso de selección que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local.

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-0492, con data de 24/02/2020 pola que designaba o tribunal cualificador do proceso de selección que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local.

Concello de Redondela

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 9X26K64JJ2AEDN39H9HYSY57 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



A Unión Provincial Pontevedra (CSIF) presentou dous recursos de reposición contra as bases de selección e a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas así contra o tribunal cualificador do antedito proceso de selección, con data de 27/02/2020 e rexistro de entrada neste concello núm.: 2020-E-RE-531 e 2020-E-RE-532.

A data prevista para a constitución do tribunal cualificador e de realización da proba práctica era o día 04/03/2020.

Ante a imposibilidade de resolver en tempo o recurso interposto polo CSIF e para evitar posibles prexuízos ás partes interesadas e tendo en conta o previsto no artigo 117.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, é polo que, tras ponderar as circunstancias existentes, e en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO,

PRIMEIRO: Suspender o acto de constitución do tribunal cualificador e a proba práctica da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local do Concello de Redondela prevista para o día 04/03/2020 ata a resolución dos recursos e a determinación dunha nova data.

SEGUNDO: Comunicar esta suspensión ás partes interesadas e aos membros do tribunal cualificador.

TERCEIRO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a antedita suspensión deste acto.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Redondela

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 9X26K64JJ2AEDN39N9HKYSY57 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2